

LOURDES NOYA FERREIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión do vinte de xullo de dous mil doce, aprobou a modificación do Regulamento do Centro de Posgrao, que queda redactado nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela a trinta e un de xullo de dous mil doce, con Vº e prace do Sr. reitor.


Vº e prace

O reitor

(Por Delegación do 26-07-2012)

O vicerreitor de Investigación e Innovación

Francisco González García



NORMATIVA DO CENTRO DE POSGRAO (CPG)

O Centro de Posgrao (CPG) creouse por decisión do Consello de Goberno da USC o 30 de setembro de 2010, co obxectivo central de unificar a xestión da oferta e promover a calidade dos estudos de posgrao da USC, asumindo as funcións que ata entón correspondían ao Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua (CPTF).

Configurouse como un centro universitario para a promoción, coordinación, e desenvolvemento dos estudos de posgrao oficial (Máster e Doutoramento) e de posgrao propio (másteres propios, cursos de especialización e formación continua, entre outros). O desenvolvemento da nova estrutura e regulamento de doutoramento da USC consonte o RD 99/2011 e a necesidade de permitir un funcionamento áxil e evitar disfuncións derivadas do solapamento de competencias entre distintos órganos colexiados (Comisión de Titulacións e Programas de Estudos e Comisión de Posgrao Oficial), aconsellan restrinxir o ámbito do CPG con respecto a estudos de posgrao oficial só a doutoramento, así como precisar a súa dependencia funcional.

Cumpre por tanto adaptar a normativa á presente situación, conforme as seguintes disposicións.

Primeira. Funcións do CPG

1. Son funcións do Centro de Posgrao as seguintes:
 - a) Planificación, coordinación, avaliación e difusión da oferta de doutoramento.
 - b) Planificación e coordinación funcional e administrativa das escolas de doutoramento.
 - c) Xestión administrativa da defensa das teses de doutoramento.
 - d) Planificación, coordinación, avaliación e difusión da oferta de posgrao propio.
 - e) Xestión económica do posgrao propio.
 - f) Seguimento da oferta de posgrao propio e doutoramento e control de calidade.
 - g) Expedición das certificacións relativas ao profesorado do posgrao propio.
2. A xestión administrativa do alumnado queda excluída das competencias do CPG.

Segunda. Estrutura de goberno

1. A dependencia funcional do CPG corresponderá as Vicerreitorías con competencias en materia de estudos de doutoramento e estudos de posgrao propios.
2. O Centro estará dirixido por un/a director/a que será nomeado/a polo/a Reitor/a.
3. Para o seu funcionamento ordinario o Centro dótase das seguintes comisións:
 - a. A Comisión de Doutoramento.
 - b. A Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua.

Terceira. Funcións do Director do CPG

1. As funcións do/a director/a do Centro son as seguintes:
 - a) A representación do Centro.
 - b) A vixilancia e cumprimento da legalidade en tódalas actuacións do CPG.
 - c) A dirección da política académica do CPG e dirección da xestión administrativa.
 - d) A execución dos acordos das comisións.
 - e) A proposta de convenios na área da súa competencia.

- f) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que se deriven dos Estatutos da USC e da lexislación universitaria.

Cuarta. Da Comisión de Doutoramento

1. A Comisión de Doutoramento estará integrada polos seguintes membros:

- Vicerreitor/a con competencias en estudos de doutoramento que a presidirá.
- Vicerreitor de coordinación e planificación do campus de Lugo.
- Director/a do CPG.
- Un representante dos/as Directores/as das Escolas de Doutoramento.
- Por dez membros máis, nomeados polo Reitor/a a proposta do Consello de Goberno, por un período de catro anos. Tódolos seus membros serán profesorado funcionario doutor ou contratado doutor da USC con ao menos un sexenio de investigación, garantindo a súa composición paritaria e a presenza dos campus de Santiago e Lugo, e das cinco grandes áreas de coñecemento.

2. O/a Secretario/a académico/a será nomeado polo/a Reitor/a a proposta do/a Vicerreitor/a, de entre os membros da Comisión. A súas funcións serán levantar acta das sesións da comisións, dar fe dos seus acordos e custodiar a documentación.

3. A Comisión de Doutoramento actuará en pleno ou en Comisión permanente. A Comisión permanente estará integrada polo Presidente/a, o/a Vicerreitor/a de coordinación e planificación do campus de Lugo, o/a Director/a do CPG, o/a Secretario/a académico, o/a Director/a das Escolas de Doutoramento e tres membros da Comisión de Doutoramento elixidos por esta. Son funcións da Comisión Permanente resolver os asuntos de trámite e aqueles outros que lle sexan expresamente encomendados pola Comisión de Doutoramento.

4. Son competencias da Comisión de Doutoramento:

- a) Informe previo á aprobación dos programas de doutoramento e das súas modificacións.
- b) Aprobación da defensa pública das teses de doutoramento.
- c) Autorización, a proposta das Escolas de Doutoramento, dos recoñecementos de créditos e validacións dos alumnos de doutoramento.
- d) Nomeamento dos tribunais de premios extraordinarios de doutoramento.
- e) Emisión do informe previo para a homologación de títulos de doutoramento.
- f) Resolución de conflitos relacionados con estudos de doutoramento segundo a normativa vixente na USC.
- g) A coordinación das Escolas de Doutoramento.
- h) Autorización do profesorado da USC a participar en programas de doutoramento de outras universidades.

- i) Calquera outro tema a proposta do/a presidente/a da Comisión no ámbito dos estudos de doutoramento.
- j) As que figuren nos Estatutos da USC, no Regulamento de doutoramento da USC e na normativa estatal e autonómica reguladora dos estudos de doutoramento.

Quinta. Da Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua

1. A Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua estará integrada polos seguintes membros:
 - Vicerreitor/a con competencias no Posgrao propio e Formación Continua, que a presidirá.
 - Vicerreitor/a con competencias en Doutoramento.
 - Vicerreitor/a de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo ou persoa na que delegue.
 - Director/a do CPG e
 - Dez membros máis nomeados polo Reitor/a a proposta do Consello de Goberno por un período de catro anos. Todos eles serán profesorado funcionario doutor ou contratado doutor da USC, garantindo a súa composición paritaria, e a presenza dos Campus de Santiago e Lugo e das cinco grandes áreas.
2. O/a Secretario/a académico/a será nomeado polo/a Reitor/a a proposta do/a Vicerreitor/a, de entre os membros da Comisión. A súas funcións serán levantar acta das sesións da comisión, dar fe dos seus acordos e custodiar a documentación.
3. A Comisión de Posgrao Propio e Formación continua actuará en pleno o en Comisión Permanente. A Comisión permanente estará integrada polo/a Presidente/a, o/a Director/a do CPG, o/a Secretario/a académico, e tres membros da Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua elixidos por esta. Son funcións da Comisión Permanente resolver os asuntos de trámite e aqueles outros que lle sexan expresamente encomendados pola Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua.
4. Son competencias da Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua:
 - a) Aprobación das propostas de cursos de posgrao propio e formación continua.
 - b) Seguimento e avaliación desas propostas.
 - c) Aprobación das memorias remitidas polos directores/as dos cursos de posgrao propio e formación continua.
 - d) Tratamento de calquera outro tema a proposta do presidente/a da Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua no ámbito destes estudos.

Sexta. Réxime de convocatorias

1. A convocatoria das Comisións previstas nas disposicións cuarta e quinta corresponde ao Presidente/a.
2. A convocatoria deberá remitirse cunha antelación de 72 horas a tódolos membros da Comisión mediante notificación, na que se fará constar a orde do día, e o lugar, día e hora da reunión. Esta notificación efectuarase por correo electrónico. A documentación relativa aos temas a tratar estará depositada na secretaría do CPG para a súa consulta por parte dos membros das comisións. Os mesmos requisitos deberán cumprirse nas reunións das Comisións Permanentes.

Setima. Das reunións das Comisións

1. Para a válida constitución das Comisións será necesaria en primeira convocatoria a maioría absoluta dos seus membros, sendo imprescindible a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, constituirase validamente cun terzo dos seus membros, e sempre coa presenza do/a presidente/a, ou persoa en quen delegue, e do/a secretario/a, ou persoa que o/a substitúa.

Oitava. Adopción de acordos

1. Os acordos adoptaranse por asentimento, por unanimidade ou por o voto da maioría dos asistentes. As votacións serán a man alzada ou segredas, cando así se solicite. Non se admitirá delegación de voto, nin voto anticipado, para a adopción dos acordos.
2. Os acordos adoptados palas comisións serán executados polo/a Director/a.

Novena. Recursos

Contra as resolucións adoptadas polo Director do CPG, pola Comisión de Doutoramento ou pola Comisión de Posgrao Propio e Formación Continua poderá interponerse recurso de alzada ante o/a Reitor/a no prazo dun mes.

Disposición adicional primeira. Referencias xenéricas

Todas as referencias a alumnos, estudantes, profesores, doutores, titores, directores, etc entenderanse en xenérico sen identificación de sexo, polo que abranguen tanto ao xénero feminino como o masculino.

Disposición adicional segunda

Para programas anteriores aos RD 1393/2007 e RD 99/2011 a Comisión de Doutoramento será competente para a aprobación dos tribunais únicos dos programas de doutoramento.

Disposición derogatoria

A presente Normativa derroga a Normativa do Centro de Posgrao (Consello de Goberno do 30/09/2010), así coma todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na mesma.

Disposición Final

A presente Normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da USC.